

ACORDO REGULADOR Nº 3

Acordo regulador do Prezo Público **Por Actividades Deportivas de Verán**

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

De acordo co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece prezos públicos por actividades deportivas de verán regulados pola presente ordenanza.

Artigo 2º. - Concepto.

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades deportivas de verán.

Artigo 3º. - Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público, regulado nesta ordenanza, quen se beneficien das actividades realizadas por este Concello a que se refiére o artigo anterior.

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril..

O Pleno da Corporación ,ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 4 , apartado 2, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución dos mandatos establecido na Constitución española de fomento da educación física e o deporte , así como a adecuada utilización do ocio (artigo 43.3).

2. Reducións.

A contía dos prezos públicos aos que se refire esta ordenanza, verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

a) As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 por 100 da cota en cada actividade.

b) Cando se inscriban, polo menos, tres participantes dunha mesma unidade familiar, o 50 por 100 nas cotas correspondentes aos menores de idade integrantes dela.

c) As persoas maiores de 55 anos, o 25 por 100 da cota.

d) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, así como as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre, terán unha bonificación do 30 por 100 da cota.

e) Os posuidores do “carné xove”, “carné máis” ou “carné propio da omix”, terán unha bonificación do 20 por 100 da cota.

f) As persoas que acrediten á súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo informe dos servicios sociais do Concello de Cambre ao respecto, o 100 por 100 da cota.

3. As reducións reguladas no apartado anterior, só serán de aplicación a aquelas persoas empadroadas no municipio de Cambre, non sendo posible aplicar máis dunha delas. En caso de que unha das reducións aplicables, o sexa por ser a persoa pertencente ó voluntariado de Cambre, á maior delas aplicaráselle unha redución acumulable do 10 por 100.

Artigo 5º. - Obriga do pagamento.

1. A obriga do pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade, se ben se esixe o seu depósito previo de acordo co artigo 46.1 do Real decreto legislativo 2/2004.

2. Para os efectos, o ingreso do prezo público realizarase previamente á autorización mediante domiciliación bancaria, que será obrigatoria.

3. No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do depósito constituído.

Artigo 6º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.